



I CERTAME ESCOLAR HUME "O PATRIMONIO DAS PONTES"

Este ano 2018 con motivo da celebración do Ano Europeo do Patrimonio Cultural, a Asociación de Estudos Históricos e Sociais Hume coa colaboración do concello das Pontes e xunto cos centros Educativos da vila, convoca un concurso dirixido aos escolares coa finalidade de concienciar e poñer en valor o noso Patrimonio. Non só coma un legado do pasado senón coma un recurso imprescindible para construír o noso futuro con grande valor educativo e social, para que nenos/as e xoves teñan un maior coñecemento e apreciación do seu Patrimonio.

1. OBXECTIVO: Crear experiencias didácticas e sensibilizar á nosa xuventude dunha maneira crítica e reflexiva sobre o valor do Patrimonio (Etnográfico, histórico, monumental, natural-paisaxístico...)

2. DESTINATARIOS:

- Categoría A: Alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria.

- Categoría B: Alumnado de E.S.O.

3. MODALIDADES:

- CREACIÓN ARTÍSTICA: Pintura, cómic, escultura ou maquetas).

- CREACIÓN ESCRITA: Estudo sobre os aspectos do Patrimonio pontés citados no punto 1.

4. NORMAS:

- Extensión do traballo: Máximo 10 folios.
- Autor: Admitiranse traballos individuais ou por grupos de máximo 8 alumnos/as.
- A lingua empregada será a lingua galega.
- Os traballos entregaranse aos/ás titores/as dos distintos cursos cun sobre pechado que conteña os datos dos/as alumnos/as, curso e centro ao que pertence.
- Data de entrega: 12 de novembro.
- Entrega de premios: Farase nun acto público que terá lugar durante unha das Xornadas de Outono a realizar por HUME e que se comunicará aos/ás premiados/as.
- **PREMIOS:** Un único premio por modalidade e categoría. Será un bono por valor de 100€ canxeables nas librerías e/ou tendas deportivas da nosa vila.
- **XURADO:** Formarase unha comisión avaliadora integrada por unha persoa da Concellería de Patrimonio, persoas da Comunidade Educativa dos Centros e membros/as de HUME. O seu dictame será inapelable.